



OOOOOOOOOLAAAAAA

Xa está aquí de novo o verán .É o meu segundo curso con vós,o meu segundo verán escolar!!!!. E este curso fixemos moitas cousas xunt@s. Lembrádesvos de todas?.O certo é que o meu amigo o rato e máis eu andivemos moi ocupados tráfegando polo piso de arriba, facendo uns "pequeniños" cambios cos que queremos sorprendervos algún día destes destes despois do verán, claro.

Xa volo contaremos: unha sorpresinha para que teñades moitas ganas de volver á Biblioteca (ao cole tamén, por suposto!). Por certo, moitas grazas polos nomes, resultoume moi difícil escoller, habíaos tan bonitos!!!: Xaxa, Lúa, Kan, Branca....

Logo de moito disertar co rato de biblioteca, decidimos botar a sortes entre os finalistas, así que agora me chamoooo... pero non, non volo hei dicir ata o remate desta carta, vou asinar con el, como unha gatiña seria .

E coma este mes xa as profes andaban a ver se me mandaban de vacacións para que non ande a liala con tanta propositiñaaaa, pois andiven agochadiña a fuchicar pola arañeira e funme de librerías, ademáis teño unha amiga nos Madriles, unha gata colega que andivo a visitar a Feira do Libro, e díxome-díxome duns libros estupendos para pasar o verán, non deses que se poden mollar (se ven de riada ou lemos nadando coas amigas sereas ou cos xurelos), máis ben deses para pasar uns momentos maravillosos. E, claro, non me podo resistir a recomendárvolos. Aí van pois uns pouquiños, pero hai centos, miles, e lembrede que a Biblioteca Municipal segue aberta....

EDUCACIÓN INFANTIL:



- Mifi axuda na casa- Dick Bruna- Faktoría K de libros : Para @s máis pequerrech@s.Axudar pode ser divertido e, ademáis, serve para aprender moitas cousas.
- Un gato na árbore - Pablo Albo- OQO : Un can o perseguía e o gato agabeou pola árbore, tod@s queren axudarlle a baixar, a árbore non pode con tanto peso, tronzará?.
- Don Pol e o pequeno Pin - Max Portela - Bahía: Pin séntese deforme, incompleto. Atoparse co polbo axudarlle a saber que tipo de cangrexo é peeeero....

1º CICLO PRIMARIA:

- Un segredo do bosque - Javier Sobrino- OQO editora :O esquío síntese extraño e vai preguntando ás súas amizades do bosque, danlle tod@s consellos, sentíronse tod@s así algunha vez, o esquío está namorado, de quen?

- O abrigo misterioso - J. Jennings - Faktoría K de libros: O señor Abellón sae tódolos días da casa agochando algo debaixo do abrigo, fíxate ben e a ver se es quen de descubrir o segredo.



A BIBLIOTECA

- Sola y Sincola - P. Zubizarreta- Edelvives. Ala Delta :Volvían de vacacións a África, o seu país de orixe, e esqueceron á nena na gasoliñeira. Alí coñece a un empleado que fará todo o posible por axudala ... e a un gatiño abandonado.
- Selma - Juttar Bauer- Los cuatro azules: Selma é tranquila, é unha ovella que atopa a felicidade no sinxelo. Pregúntalle a Selma como ser feliz.



2º CICLO PRIMARIA:

- Boa Sorte - María Solar- Baía edicións: Xa para nacer a sorte doulle as costas, porque nasceu de cu, ao deu lado todo eran desfeitas, ata que un bo día deu co segredo da súa mala sorte...
- Discurso do oso -Julio Cortázar- Kalandraka :O oso vive nos canos dun gran edificio, dende aí pode observar a vida tan solitaria que leva o ser humano ... e pensar sobre o tema.



- Al señor zorro le gustan los libros - F.Biermann - Los cuatro azules :E tanto lle gustan que ata os come, o que non é doado en librerías nin bibliotecas, terá que roubalos,pero é un delito, rematará no cárcere os seus días ou, raposo como é, terá unha xenial idea???
- Curso para jóvenes jinetes de dragón - Nuria Pradas- La Galera :Un dragón non che é unha mascota calqueira, ten o seu carácter e hai que saber coidalo, anque , imaxínaste poder voar "pilotando" un ser tan marabilloso?.Aprende todo sobre como facelo, e pídete un dragón ou dragona por aprobar. Non esquezas que serás para sempre responsable da túa mascotiña.

3º CICLO PRIMARIA:

- El libro de las grandes preguntas-J.French. Edic. Oniro:A 1ª gran pregunta sería que é unha gran pregunta, hai moitas máis : que é a vida? Pensan as máquinas? Que nos fai human@s? pódese matar?. As respostas levarante a facerte moitas máis preguntas.
- Estás na lúa - Carmen Montalbán- Kalandraka :Baraka vive nunha haima no deserto coa súa familia. A súa avoa Bahia regálalle a herdanza da súa memoria, da memoria dunha patria que a nena xamáis coñeceu, pero a avoa empeza a sufrir Alzheimer...
- O caderno azul-Na Alfaya- Xerais,colec.Merlín:Durante as catro estacións do ano, Anxélica vai escribindo no caderno que o avó lle regalou tódolos seus sentimentos. Nunha transfusión de sangue, Anxélica foi contaxiada de sida, a súa vida non voltará ser a mesma.



- Lía e as zapatillas de deporte-Mª Reimóndez-Xerais,cole. Merlín :A Lía regálalle os Reis unhas zapatillas de deporte que traen consigo a historia de nen@s do outro lado do mundo que, descalz@s, traballan arreo para que esas zapatillas cheguen aos pés de nen@s como Lía



MAMASES;PAPASES,PROFES/AS...:

- A vida nova de Madame Bovary-X.C.Caneiro- Galaxia :
A "O Gatopardo" chega Hermelinda cando abandona á súa familia enganada polo seu home. Nesta casa de hóspedes conviven ilus@s, perdedor@s, namorad@s, unha fervenza de historias para desmitificar o fracaso
- Incertos-Antón Dobao- Xerais :Trece relatos de vidas aparentemente normais nas que o inesperado é a marca distintiva.



- Y punto- Mercedes Castro- Alguara :Novela negra que mestura a parte iguais humor e dureza, onde a protagonista, a policía Clara Deza, vive a hostilidade dun mundo onde enfrenta vida laboral e familiar, na busca do seu caso máis importante.

E de novo recordarvos que a Biblioteca Municipal segue aberta, que ten un montón de libros (e CDs,DVDs) que están desexosos de pasar polas vosas mans.
Non os fagades agardar moito, os libros a veces tamén se sinten moi sós

Pasade un bo verán!!!

A BIBLIOTECA